

BASES DO CONCURSO PARA O CARTEL DA XXXV FEIRA DO VIÑO DE AMANDI

O Concello de Sober convoca un concurso de deseño gráfico co fin de elixir o cartel anunciador da XXXV Feira do Viño de Amandi de acordo coas seguintes bases:

- Poderá concorrer toda a poboación, con traballos en formato A3 e técnica libre.
- Deberán ser presentados en soporte ríxido para facilitar a súa exposición.
- Só se pode presentar un cartel por autor ou autora.
- Os deseños deben reflectir o espírito da Feira do Viño de Amandi facendo especial fincapé no sector vitivinícola e no noso patrimonio e cultura.
- Os traballos presentados quedarán en poder do Concello de Sober. O deseño gañador será empregado como cartel anunciador da XXXV Feira do Viño de Amandi, así como nos programas de man. Os restantes carteis presentados poderán ser expostos se o Concello así o considera.
- O cartel gañador será propiedade do Concello de Sober, quen poderá cedelo a terceiros. O autor ou autora renuncia a todos os dereitos de explotación, só conservarán os dereitos de autor para incluílo no seu currículo.
- Os traballos deberán ser presentados nun sobre pechado co lema do cartel, sen ningunha forma de identificación. Noutro sobre levará escrito o lema e no seu interior deberá conter os datos do autor, tales como o nome, o enderezo e o teléfono de contacto.
- O cartel terá que levar de xeito obrigatorio os seguintes compoñentes:
XXXV Feira do viño de Amandi
Festa de Interese Turístico
A páxina web www.concellodesober.com
A data de celebración, 28 e 29 de marzo
Os logotipos das redes sociais do Concello Facebook e Twitter
- A entrega de orixinais farase na Casa do Concello dende a convocatoria ata o día 10 de febreiro de 2015. O horario de entrega será de 10:00 a 14:00 horas.
- O xurado estará formado por persoas cualificadas na materia, reservándose a facultade de declarar deserto o premio no caso de que estimase que ningún dos traballos reúne os méritos suficientes.
- Establécese un premio ao traballo gañador valorado en 600 euros.

- Os participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nas presentes bases. No caso de facerse unha entrega pública ao gañador ou gañadora este comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto.
- O gañador entregará unha copia do cartel en formato dixital que permita o seu proceso informático e inserirá os logotipos das entidades patrocinadoras facilitadas polo Concello de Sober para a súa publicación.
- O simple feito de presentación ao concurso supón a aceptación plena destas bases.